

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18536** *Real decreto 1632/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a alimentación de determinadas especies de fauna silvestre con subprodutos animais non destinados a consumo humano.*

O Real decreto 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados a consumo humano, aprobouse co obxectivo de ditar normas de aplicación para a alimentación de aves necrófagas no marco da normativa existente a nivel europeo. O dito real decreto incorporou as posibilidades de actuación máis innovadoras, recollidas nese momento nas decisións 2003/322/CE, do 12 de maio de 2003, e 2005/830/CE, do 25 de novembro, da Comisión, sobre a aplicación das disposicións do Regulamento (CE) n.º 1774/2002 relativas á alimentación das especies de aves necrófagas con determinados materiais da categoría 1. Estas disposicións, xunto co Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, estableceron o marco normativo aplicable á alimentación de fauna silvestre con subprodutos de orixe animal.

Con posterioridade, o Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, establece que o órgano competente poderá autorizar a alimentación dos animais salvaxes con material de categoría 2 e 3. Así mesmo, o mencionado regulamento tamén establece que o órgano competente poderá autorizar o uso de certos materiais de categoría 1, en concreto, os corpos enteiros ou partes de animais mortos que conteñan material especificado de risco, no momento da eliminación, para alimentar especies en perigo ou protexidas de aves necrófagas e outras especies que vivan no seu hábitat natural, con obxecto de fomentar a biodiversidade.

Polo tanto, a recente lexislación amplía o número de especies de fauna silvestre que poden ser obxecto desta alimentación con subprodutos de categoría 1. A dita alimentación pode ser autorizada no caso de certas especies carnívoras recollidas na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e no caso de certas especies de aves de presa recollidas na Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación das aves silvestres, co fin de ter en conta as pautas naturais de alimentación de tales especies. Estes aspectos, xunto co desenvolvemento das condicións sanitarias para que este tipo de alimentación se use en zonas fóra dos comedeiros ou zonas de alimentación, son recollidos no Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, e da Directiva 97/78/CE do Consello en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude desta.

A publicación deste real decreto fundaméntase no deber de conservación das aves silvestres establecido na Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, relativa á conservación de aves silvestres, na Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, e na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, que establecen un réxime de protección xeral que garanta a

preservación das especies de aves silvestres, así como o establecemento dun réxime de protección especial para determinadas especies, segundo o Real decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento de especies da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de especies ameazadas. Para algunhas das especies obxecto deste real decreto é necesario pór en marcha medidas de conservación no medio natural.

Sen prexuízo da eficacia e aplicabilidade directas da normativa comunitaria citada, razóns de seguridade xurídica ante a necesidade de coordinar debidamente a normativa nacional e a comunitaria fan aconsellable derrogar expresamente o Real decreto 664/2007, do 25 de maio. Por isto, o obxecto deste real decreto é facilitar e asegurar a execución no ordenamento español do contido do Regulamento (CE) 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, e do Regulamento (UE) 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, para a aprobación dun marco básico para a alimentación de especies de fauna silvestre con subprodutos animais non destinados a consumo humano, en especial as especies necrófagas e outras especies protexidas que tamén son necrófagas dunha maneira facultativa.

Cómpre ter en conta que a vixente normativa xa inclúe no caso de material da categoría 3, entre outros, os corpos ou partes de animais matados, no caso de animais de caza, que sexan aptos para o consumo humano pero que non se destinen a ese fin por motivos comerciais, así como os corpos e as partes de animais de caza matados para o consumo humano, de conformidade coa lexislación comunitaria, previstos na letra b) do artigo 10 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.

Están excluídos do ámbito de aplicación desta norma os corpos enteiros ou partes de animais salvaxes distintos da caza silvestre que non sexan sospeitosos de estar infectados ou afectados por unha enfermidade transmisible aos seres humanos ou aos animais; os corpos enteiros ou partes de animais de caza silvestre que non se recollan despois de cazados, de conformidade coas boas prácticas de caza, sen prexuízo do Regulamento (CE) n.º 853/2004; e os subprodutos animais procedentes da caza silvestre que formen parte da subministración directa por parte dos cazadores de pequenas cantidades ou de carne de caza silvestre ao consumidor final ou a establecementos locais de venda retalista, que subministran directamente ao consumidor final. Por isto, todos poden ser destinados á alimentación das especies necrófagas sen requisito ningún neste ámbito.

Esta disposición foi sometida á consulta das comunidades autónomas, das cidades de Ceuta e Melilla e das entidades representativas dos sectores afectados, así como á consideración da Comisión Nacional de Subprodutos Animais non Destinados a Consumo Humano, da Comisión Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade, do Consello Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade e do Consello Asesor de Medio Ambiente.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e ao abeiro do artigo 149.1, regras 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup>, da Constitución, polas que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, coa aprobación previa do vicepresidente do Goberno de Política Territorial e ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

## DISPOÑO:

**Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.***

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas básicas relativas aos supostos e condicións en que se permitirá a utilización de subprodutos animais non destinados a consumo humano para a alimentación de determinadas especies da fauna silvestre.

**Artigo 2. *Definicións.***

1. Para os efectos deste real decreto serán aplicables as definicións incluídas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, as incluídas no artigo 3 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1774/2002, as recollidas no artigo 2 do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e as incluídas no artigo 3 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Órgano competente: os entes, autoridades ou unidades administrativas competentes das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla.

b) Establecemento de procedencia: a explotación, espazo natural acoutado, empresa agropecuaria ou industria alimentaria desde onde parten os subprodutos animais non destinados ao consumo humano cara ao comedero ou ás zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario.

c) Especie necrófaga de interese comunitario: calquera das recollidas no punto 1.a) da sección 2, capítulo II, do anexo VI do Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, e da Directiva 97/78/CE do Consello en canto a determinadas mostras e unidades exentas dos controis veterinarios na fronteira en virtude dela, e que se reproducen no anexo deste real decreto.

d) Comedero ou zona de alimentación: o lugar acondicionado expresamente para a alimentación de especies animais necrófagas.

e) Zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario: zonas delimitadas polo órgano competente en xestión de fauna silvestre conforme uns criterios orientadores de necesidade de conservación ou recuperación de especies necrófagas de interese comunitario elaborados polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, nas cales se autoriza a alimentación fóra dos comederos ou zonas de alimentación con corpos enteiros ou partes de animais mortos que conteñan material especificado de risco procedentes de determinadas explotacións animais localizadas nas ditas zonas.

**Artigo 3. *Requisitos xerais para a autorización da alimentación de animais silvestres.***

1. O órgano competente en materia de sanidade animal poderá autorizar, en condicións que garantan o control dos riscos para a saúde pública, o ambiente e a sanidade animal, o uso de material da categoría 2, sempre que proceda de animais que non se sacrificasen nin morresen como consecuencia da presenza real ou sospeitada dunha enfermidade transmisible aos seres humanos ou aos animais, e de material da categoría 3 para a alimentación de fauna silvestre.

2. O órgano competente en materia de sanidade animal poderá autorizar o uso dos corpos enteiros ou partes de animais mortos que conteñan material especificado de risco,

no momento da eliminación, para a alimentación de animais salvaxes que pertencen a especies necrófagas de interese comunitario, cando o órgano competente en xestión de fauna silvestre comprobase que as necesidades alimenticias destas especies non están cubertas e cando se teña a seguridade, conforme unha avaliación da situación desas especies e dos seus hábitats, de que o estado de conservación das ditas especies mellorará mediante a aplicación desta medida.

3. As autorizacións antes referidas implicarán, así mesmo, a autorización do transporte dos subprodutos animais, nos supostos en que sexa necesario, desde o establecemento de procedencia ata o comedero de especies necrófagas ou a zona de protección autorizada para a alimentación de especies necrófagas. O dito transporte efectuarase de acordo co previsto no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.

#### Artigo 4. *Alimentación en comederos ou zonas de alimentación.*

1. As solicitudes de autorización de comederos para alimentación de animais silvestres poderaas presentar o xestor ou responsable do comedero, por medios electrónicos ou en calquera dos lugares que se mencionan no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As ditas solicitudes deberanse dirixir ao órgano competente en materia de xestión de fauna silvestre en cuxo territorio radique o comedero ou os comederos, que o trasladará ao órgano competente en materia de sanidade animal, e nelas faranse constar polo menos os seguintes datos:

- a) Nome e enderezo do xestor ou responsable do comedero dos subprodutos animais non destinados a consumo humano.
- b) Localización xeográfica do comedero ou comederos para os cales se solicita autorización, coas súas coordenadas xeográficas.
- c) Especie ou especies salvaxes a que está destinado o comedero.
- d) Relación dos establecementos de procedencia que vaian proporcionar os subprodutos animais non destinados a consumo humano para a alimentación das especies necrófagas, especificando se son de categoría 2, de categoría 3 ou dos subprodutos de categoría 1 referidos no artigo 3.2.
- e) Cantidade ou peso estimado dos subprodutos mencionados na letra anterior que está previsto proporcionar para a alimentación das especies necrófagas.
- f) A ruta ou traxecto previstos desde o lugar de procedencia dos subprodutos á zona ou zonas de alimentación.
- g) Compromiso escrito do xestor ou responsable dos ditos subprodutos da aceptación destes.

O órgano competente en materia de sanidade animal emitirá un informe vinculante na dita materia e remitírallo ao órgano competente en materia de xestión de fauna silvestre para que proceda á súa autorización

2. No caso de que os establecementos de procedencia dos produtos non se encontren na comunidade autónoma ou cidade de Ceuta ou Melilla onde se encuentre o comedero, o órgano competente de autorización onde se localice o comedero dará traslado da solicitude á comunidade autónoma ou cidade de referencia para o seu coñecemento.

3. Cando a solicitude se refira ou comprenda os subprodutos de categoría 1 referidos no artigo 3.2, deberase incluír unha descrición do procedemento previsto polo solicitante para garantir a obtención e, se for o caso, o acompañamento nos traslados da seguinte documentación, que se deberá remitir periodicamente ao órgano competente en materia de sanidade animal:

- a) Identificación dos animais acorde coa normativa vixente.
- b) Documentación acreditativa de lles ter realizado aos animais, en función da súa idade e de acordo coa mostraxe prevista na sección 2, capítulo II, do anexo VI do

Regulamento (UE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, as probas previstas no anexo II do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro, polo que se establece e regula o Programa integral coordinado de vixilancia e control das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais, e o resultado negativo das ditas probas.

4. Para a concesión da autorización, o comedeiro ou zona de alimentación debe reunir, polo menos, as seguintes condicións:

a) Estar suficientemente afastado de zonas habitadas e, en todo caso, a máis de 500 metros de núcleos de poboación estable, e nunca estar situado próximo a aeroportos, a cursos de auga superficial ou a augas subterráneas que poidan ser contaminados.

b) Dispor dunha zona acondicionada para a alimentación que estea delimitada e cuxo acceso estea restrinxido aos animais da especie que se desexa conservar, se fose necesario por medio de valos ou por outros medios adecuados ás pautas de alimentación natural desas especies.

c) Ter unha superficie suficiente e estar situado nunha zona despexada que permita o acceso e a fuxida das especies necrófagas.

d) Contar cun único acceso para os vehículos de transporte e ter delimitada unha zona en que depositar os subprodutos animais.

5. O xestor ou responsable do comedeiro deberá manter un sistema de rexistro que conteña, polo menos, o número, especie, identificación dos animais, peso estimado e orixe dos cadáveres das especies usadas para a alimentación no comedeiro e as datas nas cales se realizan estas subministracións.

6. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento será o previsto en cada caso na normativa do órgano competente ou, no seu defecto, de seis meses. Transcorrido este sen se ter ditado e notificado resolución expresa, os interesados poderán entender estimadas as súas solicitudes, salvo que a normativa da comunidade autónoma estableza o sentido desestimatorio do silencio administrativo.

#### *Artigo 5. Requisitos específicos para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario en zonas de protección.*

1. Dentro do procedemento de autorización iniciado por instancia de parte, o órgano competente en materia de sanidade animal, por proposta do órgano competente en xestión de fauna silvestre poderá autorizar, ademais de materiais das categorías 2 e 3, o uso de materiais da categoría 1 consistentes en corpos enteiros ou partes de animais mortos que conteñan material especificado de risco, para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario, en determinadas explotacións gandeiras situadas nas denominadas zonas de protección, sen a recollida previa dos animais mortos cando proceda.

2. Para tal efecto, o órgano competente en materia de xestión de fauna silvestre delimitará as zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario conforme os seguintes criterios e estas serán incluídas no rexistro a que fai referencia o artigo 7:

a) Os espazos Natura 2000 definidos pola presenza das especies necrófagas de interese comunitario.

b) Os ámbitos territoriais de aplicación dos plans de recuperación ou de conservación para as especies necrófagas de interese comunitario aprobados polas comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla.

c) Áreas prioritarias para a alimentación das especies necrófagas de interese comunitario, cando estas non estean representadas nos puntos anteriores.

3. Para proceder á autorización descrita no número 1, o órgano competente en materia de sanidade animal deberá identificar as explotacións gandeiras, rabaños ou



espazo natural acoutado que, dentro da zona de protección para a alimentación de especies necrófagas de especial interese, cumpran as seguintes condicións:

- a) Que non desenvolvan un aproveitamento gandeiro intensivo.
- b) Que cumpran o programa de vixilancia das encefalopatías esponxiformes transmisibles dos animais (EET) e, en concreto, as probas previstas no anexo II do Real decreto 3454/2000, do 22 de decembro.
- c) Que contén coa cualificación sanitaria que estableza o órgano competente en relación coas enfermidades sometidas a programas nacionais, ou das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla, de vixilancia, control e erradicación de enfermidades. Non obstante, o órgano competente en materia de sanidade animal poderá exceptuar deste requisito en función dunha análise de risco.
- d) Que estean baixo a vixilancia periódica dos servizos veterinarios oficiais respecto da prevalencia das EET e de enfermidades transmisibles a persoas ou animais.

4. En caso de que a alimentación se leve a cabo sen a recollida previa dos animais mortos, deberase realizar unha estimación da taxa probable de mortalidade dos animais das explotacións gandeiras dentro da zona de protección e das necesidades probables de alimentación das especies necrófagas de interese comunitario, de conformidade coa determinación dos riscos posibles de transmisión de enfermidades.

5. As explotacións gandeiras autorizadas deberán manter un sistema de rexistro con, polo menos, a identificación e o peso estimado dos animais mortos que son usados para a alimentación das especies necrófagas de interese comunitario.

6. O órgano competente especificará na autorización, polo menos:

a) As medidas adoptadas para evitar a transmisión de EET e de enfermidades transmisibles de animais mortos a persoas ou animais, como medidas específicas sobre pautas de alimentación das especies que se desexa conservar, restricións estacionais de alimentación, restricións de circulación de animais de produción e outras medidas destinadas a controlar os riscos de transmisión dunha enfermidade transmissible a persoas ou animais, como medidas relacionadas coas especies presentes na zona de alimentación para cuxa alimentación non se utilizan os subprodutos animais.

b) As responsabilidades das persoas ou entidades dentro da zona de alimentación que colaboran coa alimentación ou son responsables dos animais de produción, en relación coas medidas mencionadas na letra anterior.

7. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución que poña fin ao procedemento será o previsto en cada caso na normativa do órgano competente ou, no seu defecto, de seis meses. Transcorrido este sen se ter ditado e notificado resolución expresa, os interesados poderán entender estimadas as súas solicitudes, salvo que a normativa da comunidade autónoma estableza o sentido desestimatorio do silencio administrativo.

#### Artigo 6. *Suspensión ou retirada da autorización da alimentación de animais salvaxes.*

As autorizacións concedidas polo órgano competente conforme os artigos 4 e 5 poderanse suspender cautelarmente de maneira inmediata e, logo de expediente en que se dea audiencia ao interesado, retirar, se:

a) Se sospeita ou confirma a posibilidade de transmisión de EET nunha explotación gandeira, rabaño ou espazo natural acoutado que sexa establecemento de procedencia para a dita autorización, ata que se poida descartar o risco.

b) Se sospeita ou confirma un foco dunha enfermidade grave transmissible a persoas ou animais nunha explotación gandeira, rabaño ou espazo natural acoutado que sexa establecemento de procedencia para a dita autorización, ata que se poida descartar o risco.

c) En caso de incumprimento de calquera das normas previstas neste real decreto.

**Artigo 7. *Rexistro.***

Os órganos competentes manterán un rexistro actualizado coas autorizacións concedidas conforme os artigos 4 e 5, o cal incluirá, polo menos, a seguinte información:

- a) Datos das solicitudes de autorización para comedeiros ou zonas de alimentación recollida no número 1 do artigo 4.
- b) A información do número 3 do artigo 4 que o usuario está obrigado a remitir periodicamente ao órgano competente.
- c) A explotacións gandeiras, rabaños ou espazos naturais acoutados situados nas denominadas zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario e que están autorizadas conforme o artigo 5.

**Artigo 8. *Información.***

Os órganos competentes informarán, antes do 31 de marzo de cada ano, a Comisión Nacional de Subproductos Animais non Destinados a Consumo Humano, creada polo Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, a cal dará traslado á Dirección Xeral de Medio Natural e Política Forestal do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño das actuacións realizadas no seu territorio no ano natural anterior, que comprenderán, polo menos:

- a) Especies necrófagas para as que se adoptan medidas recollidas neste real decreto.
- b) Rexistro e localización xeográfica dos comedeiros autorizados e das zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario.
- c) Lista de establecementos de procedencia, especificando aqueles que subministren os subprodutos de categoría 1 que se indican no número 2 do artigo 3.
- d) Biomasa total (en quilogramos) de subprodutos subministrados aos comedeiros e a zonas de protección para a alimentación de especies necrófagas de interese comunitario, separados por especie animal e por categoría de subproduto segundo o Regulamento (CE) n.º 1069/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009.
- e) Resultados das probas rápidas de detección de EET realizadas, que inclúa o número de test realizados para cada especie.

**Artigo 9. *Réxime sancionador.***

En caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, ou na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, ambientais, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

**Disposición transitoria única. *Período de adaptación.***

As zonas de alimentación que xa se encontren autorizadas no momento de entrada en vigor deste real decreto, e que non cumpran algún dos requisitos previstos nel, disporán do prazo dun ano para a súa adaptación.

**Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.***

Queda derogado o Real decreto 664/2007, do 25 de maio, polo que se regula a alimentación de aves rapaces necrófagas con subprodutos animais non destinados a consumo humano.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1, regras 16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup>, da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para modificar o anexo deste real decreto para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO



## ANEXO

### Especies necrófagas de interese comunitario

Para efectos deste real decreto, e de acordo co punto 1.a) da sección 2, capítulo II, do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 142/2011 da Comisión, do 25 de febreiro de 2011, considéranse especies necrófagas de interese comunitario o voitre leonado (*Gyps fulvus*), o voitre negro (*Aegypius monachus*), o voitre branco (*Neophron percnopterus*), o quebraósos (*Gypaetus barbatus*), a aguia imperial ibérica (*Aquila adalberti*), a aguia real (*Aquila chrysaetos*), o millafre real (*Milvus milvus*) e o millafre negro (*Milvus migrans*), ademais de calquera especie da orde Falconiformes e da orde Strigiformes incluídas no anexo I da Directiva 2009/147/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de novembro de 2009, en zonas de especial protección de aves establecidas no marco da dita directiva, e algunha das especies da orde *Carnivora* incluídas na lista do anexo II da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, en áreas de especial conservación declaradas no marco da dita directiva.